

CONCERTO

CORO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Iacobum celebret

MESTRES DE CAPELA NA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCERTO CONMEMORATIVO NO 200 ANIVERSARIO DA MORTE DE MELCHOR LÓPEZ GIMÉNEZ



Cuarteto de Solistas:

Aida López, soprano

Mariola Gongar, alto

Chema Ares, tenor

Pablo Nieves, barítono

Juan Manuel Varela Louro, órgano e clave

Francisco Luengo, violone

Alfonso Morán, contrabaixo

Miro Moreira, director

PROGRAMA

Sonata en Re M (Libro de órgano, 1781)	Melchor López Giménez (1759-1822)
Missa Ad Piisimam Mariam a 8 voces soas con acompañamento de violón (1808)	Melchor López Giménez
Kyrie	
Gloria	
Credo	
Ofertorio: Sobre la Salve (Libro de órgano)	
Sanctus	
Agnus Dei	

Nadal

A nosa Gaita	Melchor López Giménez
In Nativitate Domini (Antí. Ad Magnificat)	Santiago Tafall (1858-1930)

Coresma

Ave Regina Caelorum	José de Vaquedano (1642-1711)
---------------------	-------------------------------

Semana Santa

Benigne fac, Domine (1833)	Ramón Palacio (1793-1863)
----------------------------	---------------------------

Corpus Christi

Luces y Cariños. Villancico al Santísimo	José de Vaquedano
Ay Dios Piadoso. Villancico al Santísimo	Melchor López Giménez
Sonata para Clave (Libro de órgano)	José Lidón (1748-1827)

Festas ao apóstolo Santiago

Marcha para abrir la Puerta Santa	Buono Chiodi (1728-1763)
Dum Pater Familias Códice Calixtino	Santiago Tafall
O beate Iacobe	Santiago Tafall
Iacobum Celebret. Motete para la aparición de Santiago Apóstol en Clavijo (1839)	Ramón Palacio

IACOBUM CELEBRET

Melodías xacobeas

I. A modo de abertura destas melodías

A música sacra que, nos nosos días, en gran parte, escoitamos en salas de concertos ou lugares similares, é obvio que está sacada do contexto para a que foi creada. Non deixa de ser “música relixiosa”, pero execútase en contextos e con fins diferentes. Ben poderíamos dicir que normalmente interprétanse sen moita orde nin concerto.

Precisamente este é un punto capital para poder entendelas: o momento que ocupan na tradición cristiá -en España, a católica- que é o que explica a súa razón de ser.

A Igrexa ten vida e, igualmente, todo o que lle rodea ou lle incumbe. As melodías dos templos e as das nosas catedrais distribúense ao longo do que se coñece como “ciclo litúrxico”. Para entendernos, non son o mesmo os cantos de Nadal que os de Semana Santa, ou os que median entre eles, é dicir, os do Tempo Ordinario, fóra de Advento e Coresma.

Un mestre de capela, fose de España ou de Alemaña, nin se cuestionaba que creacións debía compoñer en cada momento. Para el, o que rexía era o ano litúrxico, que comeza entre o 27 de novembro e o 3 de decembro, e ten os seus propios tempos “fortes” e tempos máis relaxados. Tanto é así que, en épocas pretéritas -e aínda agora, se se toma en serio este oficio- os músicos de igrexa só podían tomar vacacións fóra das datas máis saturadas de ocupacións que impoñía a liturxia.

O programa de música que se presenta hoxe organízase tendo en conta estes criterios. Tras unha introdución e a interpretación da Missa Ad Pissimam Mariam, comezan os cantos de Nadal, Coresma e Semana Santa. Inclúe tamén unha mención especial ao culto eucarístico e mariano e, tratándose dun programa centrado en músicos da nosa catedral -que celebra outro Ano Santo- ofrece pezas referentes a Santiago, o noso Apóstolo e, desde 1643, patrón de España.

Xunto aos “ciclos” que forman parte dunha tradición secular da liturxia cristiá, póñense de relevo aquí outros aspectos non menores: o armazón existente entre a música monódica e a polifónica, cun apartado destinado ao instrumento rei -o órgano- e a elección de obras de mestres da catedral compostelá que formaron parte da secular tradición da súa capela de música.

Neses mestres fixaremos a atención, aínda que cun apartado máis amplo dedicado á figura dun coloso como foi Melchor López Giménez (1759-1822).

II. Melchor López Giménez e a súa pegada

Este mestre foi un dos que máis tempo se mantivo no cargo de todos os que houbo na catedral. Nacido en Hueva (Guadalaxara), aos 8-9 anos pasou a vivir a Madrid co seu tío Melchor López Merchante. Ese traslado marcaríao para sempre.

Puido estudar no Real Colexio de Nenos Cantores da súa Maxestade, adscrito á Capela Real, cos mellores mestres de entón. O estilo que lle inculcaron foi unha mestura do Clasicismo que imperaba nese ambiente madrileño, en parte monopolizado por músicos italianos ou italianizados, sen perder de vista as raíces e ritmos hispanos. Foi aí onde recibiu clases do soado mestre e organista José Lidón (1748-1827) e onde entrou en contacto coa música do seu admirado Haydn.

Sendo aínda moi novo, pero tamén avantaxado alumno, tentou ocupar diferentes prazas de mestre (Plasencia e Ávila) ou de organista en Burgo de Osma, sen conseguilo pese ao bo recoñecemento que tivo. Así mesmo, foi proposto para ocupar o maxisterio da catedral de Astorga.

Comezou a compoñer en 1773. Eran obras de tipo escolástico, pero cunha técnica xa moi desenvolvida. Desá época consérvase o volume autógrafo titulado “Libro de Órgano”. As súas obras foron entón interpretadas ante os membros da Casa Real.

Aos 25 anos decidiu opositar ao maxisterio de Santiago, vacante por deceso do italiano Buono Chiodi. Tivo como avals varias recomendacións de peso sobre o Cabido compostelán.

Pode que isto fose decisivo xa que, segundo se le en documentos que o incumben, non tiña moi bo porte nin un carácter moi decidido, o que fai pensar que puidese padecer algún defecto físico. Ao instalarse en Santiago, como se facía sempre, sendo xa presbítero, pasou de facto a ser cóengo da catedral, aínda que só cobraría por un concepto, como sempre se fixo.

Resulta exemplar decatarse do ronsel deixado duns a outros mestres, e músicos en xeral, dentro da catedral. É máis evidente aínda se analizamos a súa música ou reparamos na orquestra e cantores que configuraban a capela.

López recibiu en herdanza unha ben nutrida, grazas ao labor encomiable do seu predecesor Buono Chiodi (1728-1783) e aos tempos de bonanza que vivía a catedral, desde mediados do século XVIII ata o tránsito ao XIX.

Por iso é polo que M. López conta cunha produción de pezas que pasa das 900 obras, na súa inmensa maioría de carácter sacro, e unha minúscula -pero interesante- parte de arias profanas, case todas con texto en italiano, cuxo fin non se coñece. A súa asombrosa capacidade de traballo queda fóra de interdito. A súa meticulosidade nos detalles que achega en cada partitura -bela caligrafía, tempo que debe durar cada peza, lugar e data de cada obra, etc.- son mostra do seu bo desempeño.

III. Corren novos tempos desde entón ata o de agora

O seu sucesor, Ramón Palacio (1793-1863) non tivo a mesma sorte. Despois da Guerra da Independencia e a conflitiva etapa do Trienio Liberal, os caudais da catedral quedaron moi diminuídos. O estilo musical tamén se viu alterado, en parte por esa diminución e tamén polas novas estéticas do XIX e a Reforma da música sacra, que comezaba a aflorar dentro da propia Igrexa.

Diso deu fe e bo exemplo outro gran mestre compostelán, Santiago Tafall Abad (1858-1930), formado no seo da tradición da música catedralicia de Compostela e, a maiores, curtido en controversias que trataban de reconducir a música relixiosa nun momento en que a ópera italiana e francesa copábano todo.

Neste sentido, M. López representa a continuidade, entendida como involuntario inmovilismo, e Tafall representa o cambio, entendido como unha loita pola volta ás orixes da música sacra. No concerto de hoxe advertimos este feito. Hai dúas obras “harmonizadas” por Tafall que proceden do Calixtino, códice do século XII que inclúe pezas monódicas, propias do canto eclesiástico, e obras polifónicas. Así mesmo, contén pezas de corte académico, froito da inspiración de músicos franceses, e outras populares, como o soado himno dos peregrinos Dum Pater Familias.

Tafall só mantivo o cargo de mestre de capela en Santiago durante tres anos (1895-1898), pero non deixou de estar atado para sempre á catedral, sendo primeiro violinista e organista e, máis tarde, cóengo e improvisado arquivero. Os seus desvelos por escudriñar no verdadeiro sentido da música sacra para revalorizala no secularizado século XIX, fixérono embaixador ilustre de todo iso, sendo un abandeirado do canto gregoriano.

El, que como mestre de capela compuxera obras para gran orquestra, recrutando músicos da cidade de Compostela, tivo que censurar e censurarse a si mesmo ao defender un estilo máis sobrio e conciso, menos italianizado, afastado de arias e recitativos, e sen excesos orquestrais. Supervisou a comisión que depurou o arquivo de música de Santiago con miras a poñer os cimentos que culminarían nas directrices recollidas no Motu Proprio de Pío X (1903). El mesmo participou en substanciosas controversias, por escrito ou presencialmente, e en congresos aos que achegou suxestivas ideas.

IV. A modo de coda destas notas e celebracións

Coas melodías xacobeas deste IACOBUM CELEBRET festexamos tres circunstancias que incumben a Compostela e, por extensión, ás terras de España e á de todas as xentes que, atraídas polo

fenómeno das peregrinacións ou por razóns culturais, visitan esta cidade, Patrimonio Cultural da Humanidade. Celebramos a Iacobus, nas súas tres festas: o 23 de maio (a súa Aparición na batalla de Clavijo), o 25 de xullo (o seu día grande, sempre e máis en Ano Santo) e o 30 de decembro (Translación dos seus restos a Compostela). Loamos á Virxe, co Regina Caeli de José de Vaquedano (1642-1711) e a Missa Ad Piisimam Mariam, peza realmente excepcional pola súa brevidade e singularidade no catálogo de M. López. E, no medio deste alegre ambiente, lembramos a quen fixo resplandecer as festas relixiosas da nosa terra tantos anos: ao benemérito Melchor López Giménez, no 200 aniversario do seu falecemento.

Compostela ten moito do que engrandecerse e gabarse. E tamén sobrados motivos para estar de parabén.

Co concerto IACOBUM CELEBRET, os seus intérpretes e valedores senten xa igualmente agraciados e agradecidos por poder ofrecerllo en tamañas e gozosas efemérides.

Mención especial merece, e é natural facelo notar expresamente, o labor do mestre Joám Trillo, a quen se debe a transcripción da Misa de M. López e as adaptacións realizadas para teclado.

Conclúo estas notas coas palabras de Pío X, preclara figura que soubo ver e entender a importancia da tradición na música sacra, posta en mans de quen podía e debía mantela, para ben de todos. Pasaron case 120 anos e para algúns poden parecer obsoletas. Con todo, so pena de novas reformas eclesiais, na súa natureza aínda segue firme a esencia desas melodías. Interpretalas en “versión concerto”, se se fai con respecto, como é o caso, non desdía da súa orixe e fins.

Sinala o citado pontífice: “Recoméndase aos mestres de capela, cantores, eclesiásticos, superiores de seminarios, de institutos eclesiásticos e de comunidades relixiosas, aos párrocos e reitores de igrexas, aos cóngos de colexiats e catedrais, e sobre todo aos Ordinarios diocesanos, que favorezan con todo celo estas prudentes reformas, desde hai moito desexadas e por todos unanimemente pedidas, para que non caia en desprezo a mesma autoridade da Igrexa, que reiteradamente as propuxo e agora de novo incúlcaas” (Tra le Sollecitudini, 1903).

Pilar Alén

Santiago de Compostela, abril-maio 2022

9 maio 2022
Igrexa da Universidade, 21 horas

